



## BUSTED

## EL CANTO DEL LOCO



Busted é un grupo formado por: Charlie, James e Matt. Hai pouco que se deron a coñecer, este verán. Ao principio Matt e James estaban a buscar un guitarrista. Puxeron un anuncio nunha revista e despois dun longo elenco elixiron ó mellor: Charlie. Poñerémosvos uns datos persoais deles, que xa sabemos que é o que vos interesa.

Charlie: O último en entrar no grupo é ¡¡¡¡o máis guapo deles!!!!. Naceu o 7 de xuño do 1985 en Ipsutell, Inglaterra. O seu nome completo é Charlie Rodert Simpson. A súa cor de pelo é loiro escuro e os seus ollos son da cor do mel. Mide 1.93 e pesa 86 kg. Ademais de Busted ten outro grupo Fight Star con un estilo máis indie. Toca a guitarra igual que os seus compañeiros.

Matt: O seu nome completo é Mathew James Willis. Naceu en Londres un 8 de Maio do 1983. A súa cor de pelo é negra e os seus ollos son cor abelá. Mide 1.75 e pesa 87 kg. Tamén toca, como dixemos antes, a guitarra. Cambiou moitas veces de look e é moi inquieto.

James: O seu nome completo é James Bourne, veu ó mundo un 13 de Setembro do 1983 polo que ten 21 anos. Naceu en Rochf. O seu pelo é loiro e negro, ten uns ollazos azuis. Mide 1.78m e pesa 67kg. Tamén toca a guitarra.

Estes son os rapaces que forman Busted e ¡¡son xeniais!!

Iria Arias Pintor 3º B

Marta Pájaro Varela 3º B

Olalla Vázquez Varela 3º B

El canto del loco é un dos grupos máis escoitados por todos nós. Son un grupo formado por catro mozos madrileños: Dani, David, Jandro e Chema. Fan música pop-rock, aínda que hai diversidade dentro dela. Ao principio no grupo había outro compoñente: Iván, aínda que este abandonou o grupo antes de que alcanzaran a fama.

Na actualidade levan gravados tres discos, aínda que foi con este último (Estados de ánimo) co que chegaron ó máis alto das listas de venda. Contarémolosvos algunhas cousas persoais sobre eles.

Dani: É o cantante do grupo. O seu nome completo é Daniel Martín García, naceu o 19 de Febreiro do 1977, polo que ten 27 anos. A súa paixón son os coches e o fútbol aínda que lle gusta o mundo da tele, xa que foi presentador no programa "Ponte las pilas" e tivo un pequeno papel na serie "Compañeros" e ademais en breves sairá unha peli na que participa. De pequeno imitaba a "Hombres G" e facía playbacks na casa.

David: É o guitarrista e tamén o benxamín do grupo, xa que naceu un 17 de Abril do 1980, apelídase Otero Martín, polo tanto ¡¡é primo de Dani!! Encántalle pintar e modelar, ademais de tocar a guitarra, do surf e da música étnica. Comezou a estudar a carreira de dereito, aínda que o deixou por xestión aeronáutica.

Chema: É o encargado de tocar o baixo. O seu verdadeiro nome é José María Ruiz Casares, veu ó mundo o 9 de Marzo do 1978. Os seus hobbies son: ir a concertos, comprar cómics e revistas de música, o baloncesto e o submarinismo.

Jandro: É o encargado de tocar a batería, naceu o 28 de Maio do 1973. As súas afeccións son o cine, a maxia, saír cos amigos e esquiar. Expulsárono 13 veces dos diferentes colexios ós que foi. ¡¡¡chegárono a botar 3 veces no mesmo ano!!!

Isto é en resumo un dos grupos máis tolos que hai no panorama musical neste momento ¡¡¡por iso gústanos tanto!!!

Marta Pájaro Varela 3º B

Iria Arias Pintor 3º B

